



# O rol do titor en bacharelato e as técnicas grupais para a instrumentación da acción titorial

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 14-17

**Rufino Cano González**

Universidad de Valladolid

rcano@pdg.uva.es

## ABRINDO VENTÁS PARA VER O CAMIÑO

Da totalidade de valores (materiais, profesionais, vocacionais, éticos, morais etc.) que lles permiten ás persoas “realizarse” desenvolvendo a súa propia personalidade e progreso intelectual, o valor da educación, da acción pedagóxica e titorial en Bacharelato constitúen a mellor semente do mañá.

A acción educativa, que supón un algo “máis”, non acada o seu valor se non é dende a titoría coma un valor engadido en tanto que engrenaxe do feito educativo “total”, xa que educar é

preparar os adolescentes para a vida, para que saiban enfrontarse e responder ás situacións e problemas que o devir lles presente. Nesta tarefa a totalidade do profesorado debe comprometerse, pero dun xeito especial o seu mentor, facilitador e orientador: o profesor-titor.

Para que a educación e, neste caso, a acción titorial integradora sexan eficaces, é absolutamente necesario coñecer, primeiramente, o ser educado e a súa natureza e, en segundo lugar, a orixe e a fin deste ser humano que, sendo a materia prima e o material da educación,

ante todo é persoa con conciencia de si mesma.

Dende a titoría en Bacharelato, o titor axuda ao seu alumnado a percorrer un camiño de éxito nos distintos eidos da vida mobilizando, canalizando e enriquecendo os seus desexos, inquietudes e realizacións, sen perder, na práctica o foco que define as súas metas e axuda a acadar os seus obxectivos.

Ser titor, pois, non é unha tarefa doada. Ser titor é un quefacer, que ha de facer, enfocado á formación e educación das novas xeracións, sabendo que nelas está anotado o futuro e permitindo que cada estudante amplíe e alongue os seus horizontes persoais e profesionais ata onde sexa posible e, ao mesmo tempo, facilitándolles a adquisición de novas competencias para o exercicio das súas futuras funcións.

Educador como tutores e tutelar como educadores é querer, crer e crear as condicións necesarias para que o ser humano, coma un todo, se desenvolva, medre e sexa feliz; en definitiva, para que sexa "máis" persoa, para que sexa o que "debe ser". Difícilmente se pode educar se non se coñece en profundidade a persoa. Saber o que somos, o que podemos e debemos ser e como chegar a selo é, realmente, a tarefa máis urxente á que o titor debe dedicarse como educador e orientador.

Pero, ademais, as persoas son seres sociais e relacionais que viven en comunidade, e o titor non pode ignorar esta realidade, polo que será de gran relevancia o coñecemento dos grupos humanos. É por iso que é imprescindible que todo titor reflexione "ex novo" sobre cal é o marco formativo competencial que debería dar maior consistencia á figura e rol que desenvolve como profesor-titor de Bacharelato, por riba de factores simplemente académicos,

aínda cando estes son importantes, para transcender as súas tarefas e instalar as súas accións de apoio e orientación, non tanto no alumnado coma na súa persoa, non máis no tanxible e sensorial que no visible e esencial, no inexplorado das súas vivencias máis profundas e valiosas.



A titoría, pois, supón, en primeiro lugar, unha relación obxectiva entre a condición humana e a educación; de aí a necesidade de coñecer ao ser humano na totalidade de dimensións. En segundo lugar, pero intimamente unido ao anterior, planificar a práctica da acción titorial cun método e rigor didáctico. En terceiro lugar, saber empregar unha serie de técnicas e instrumentos axeitados, oportunos e favorecedores dunha boa práctica titorial e social, profesional-

mente contextualizada e esencialmente personalizada. Neste senso, faise unha breve referencia a algunha das ferramentas que o titor ten á súa disposición para axudar a mobilizar o grupo-clase cara ás súas metas.

### AS TÉCNICAS DE GRUPO PARA A INSTRUMENTACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

Ao falar de técnicas para o desenvolvemento da acción titorial en Bacharelato incídese na aplicación intencional e motivada de certos utensilios, sinxelos de empregar polo titor, que lle permiten acercarse un pouco máis ao coñecemento dos seus alumnos dende unha dobre dimensión: individual e en grupo. A través da dimensión gru-



pal, o titor interactúa mellor co seu grupo-clase, proxecta a súa acción con criterio axustado aos seus afáns e intereses, e propicia a socialización e desenvolvemento de diversas habilidades e competencias nun clima de aprendizaxe colaborativa, de harmonía e respecto mutuo. Así mesmo, o uso didáctico destas técnicas por parte do titor engade un plus motivador e facilitador para a toma de decisións persoais, académicas e profesionais dende o valor do desenvolvemento vocacional.

**BREVE REPERTORIO DAS TÉCNICAS DE GRUPO**

De entre o amplo abano de técnicas de grupo coñecidas, cóméntanse, sucintamente, aquelas tres que lle facilitan ao titor a acción orientadora co grupo-clase potenciando o crecemento madurativo e o coñecemento mutuo, a participación activa e interesada, as relacións dentro do grupo, a seguridade e confianza en si mesmos e nos demais, a capacidade crítica e autocrítica dende a reflexión, a resolución de problemas, a achega de ideas orixinais, o adestramento na toma de decisións etc.■

**BREVE REPERTORIO DE TÉCNICAS**

| 1. ROLE-PLAYING        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Concepto               | É a representación, por dúas ou máis persoas, dun feito ou situación tomado da vida real, asumindo os roles do caso co obxecto de que poida comprenderse e tratarse mellor polo grupo-clase, intentando os actores encarnar as características da situación e procurando facerlle vivir ao grupo a situación como se fose real. |
| Favorece               | O interese polo feito ou situación. Unha mellor comprensión e obxectividade do feito. A madurez grupal para representar obxectivamente unha situación e crítica con obxectividade e realismo. Centrarse máis doadamente na resolución dun problema e a capacidade de crítica e auto-crítica.                                    |
| Aplicacións na titoría | Tratar de comprender distintos problemas: disciplina, realización de exames, relacións, adestramento na toma de decisións...                                                                                                                                                                                                    |

Fonte: García Nieto e outros (1990).

| 2. PHILLIPS 6/6        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Concepto               | Técnica de dinámica de grupos na que o grupo-clase se divide en subgrupos de 6 persoas para que durante 6 minutos discutan e reflexionen sobre un tema formulado con brevidade e precisión chegando a unha conclusión aceptada por tódolos membros de cada subgrupo, do que logo se informa ao grupo-clase.                                                                                                                                                                                                                     |
| Favorece               | O intercambio de ideas e puntos de vista. O enriquecemento mutuo e o traballo participativo de todos os seus membros. O xurdimento de opinións parciais e de confrontación do grupo-clase. A consecución, de forma rápida, de propostas consensuadas por todo o grupo-clase. A participación activa e inmediata de tódolos membros do grupo-clase potenciando e desenvolvendo a seguridade e confianza necesarias. A facilidade, sen medo, para expresarse. A avaliación rápida de certas actividades desenvolvidas en titoría. |
| Aplicacións na titoría | Coñecer as opinións con relación a calquera tema, feito ou situación e avalialo. Coñecer o nivel de información que dispón o grupo-clase sobre un tema concreto. Asegurar a participación de cada membro do grupo-clase. Identificarse co problema que se trata e obter opinións e ampla información en pouco tempo.                                                                                                                                                                                                            |

Fonte: Ibídem.

| 3. PANEL               |                                                                                                                                                                                                                                   |
|------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Concepto               | Un grupo de alumnos/as "expertos/as" discute, ante o grupo de compañeiros/as, un tema específico (coherente, lóxico e obxectivo) en forma de diálogo ou conversación dende as súas opinións persoais e puntos de vista concretos. |
| Favorece               | A achega de ideas máis ou menos orixinais ou diversas. O desenvolvemento da facilidade de palabra. O desenvolvemento do xuízo crítico e a capacidade de análise e síntese. O diálogo, a conversación e o debate.                  |
| Aplicacións na titoría | Abordar calquera tema educativo e de interese para os/as alumnos/as. Potenciar a espontaneidade. Confrontar enfoques e puntos de vista diferentes ou contraditorios. Expoñer e defender unha posición con argumentos sólidos.     |

Fonte: Ibidem.

### REFERENCIAS

- CANO, R. (Coord.) e outros (2013). *Orientación y tutoría con el alumnado y las familias*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- CAÑAS, J.M. (2010). *Dinámica de grupos en la educación secundaria. Técnicas y aplicación*. Jaén: publicatuslibros.com/ítakkus.
- CASTILLO, S.; TORRES, J.A. e POLANCO, L. (2003). *Acción Tutorial en los Centros Educativos. Formación y Práctica. Volume 1. Formación*. Madrid: UNED.
- FERMOSE, P. (1988-89). El modelo fenomenológico de investigación en Pedagogía Social. *Educar*, 14-15, 121-136.
- GARCÍA NIETO, N. e outros (1990). *La tutoría en las Enseñanzas Medias: Esquemas y guiones de trabajo*. Madrid: Publicaciones ICCS.
- PINO, M. e SOTO, J. (2010). Ventajas e inconvenientes de la tutoría grupal como estrategia docente. *Bordón*, 62(1), 155-166.

### PUBLICIDADE

# Pon en acción os teus coñecementos



## ANAYA

Sorpréndete

Aprende

Aplica



O proxecto no  
que todo encaixa

